

MAG/japs

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2025 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN (EXT. 06/25 e SUP.06/25) [CIVIDAS: 2025074058]

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.-DOTACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR O PROXECTO "A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE" CON CARGO ÁS APLICACIÓNS DO PROXECTO DE GASTO 2500005 "A.W.A.V.E.S" COOPERACIÓN.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 12 de setembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di: 10.8479.- APROBACIÓN DO PROXECTO "A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE" CONCEDIDO POLO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2021-2027 (EXPTE. 2025006153).

A Deputación de Pontevedra aposta por afondar, mediante o desenvolvemento de novas accións, o turismo sostible e rexenerativo así como a cultura azul no Espazo Atlántico, para potenciar o papel da cultura e o turismo no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social. Por outro lado, decide facelo a través do traballo conxunto con outros socios de outros países para o intercambio de boas prácticas e a procura de sinerxias e complementariedades na abordaxe da cultura e turismo marítimo asociado ao océano atlántico. Sobre estes fundamentos, a Deputación de Pontevedra lidera, en calidade de beneficiario principal e coordinador, o desenvolvemento de solicitude do proxecto "A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage".

O orzamento deste proxecto no ano 2025 para a Deputación de Pontevedra ascende a un total de corenta e nove mil cento cincuenta e un euros (49.151,00 euros), dos cales a financiación con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025 ascende a doce mil douscentos oitenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (12.287,75 euros), que se deberán imputar contra ás aplicacións do proxecto de gasto 2500005 "A.W.A.V.E.S" _COOPERACIÓN.

Visto que non existe crédito previsto inicialmente para este proxecto, e considerándose necesario e conveniente acudir a un crédito extraordinario para



permitir que as circunstancias que dan orixe ao mesmo poidan ter unha resposta adecuada.

Visto que o artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento da corporación, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

Polo antedito, solicítolle a tramitación dun expediente de modificación de crédito para que se dote con doce mil douscentos oitenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (12.287,75 euros) aplicacións do proxecto de gasto 2500005 "A.W.A.V.E.S" _COOPERACIÓN para o financiamento do proxecto "A.W.A.V.E.S no ano 2025 do seguinte xeito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942.4328.120,51	Soldo func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.500,00 €
942.4328.120,52	Trienios func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.120,53	Paga extra func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.160,00	Seguridade Social, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	3.000,00 €
942.4328.227,06	Estudios e traballos técnicos, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.287,75 €
	Total Créditos Extraordinarios...	12.287,75 €

2.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA INCREMENTAR A DOTACIÓN DO PROXECTO MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGA" CON CARGO Á APLICACIÓN 25/ 942-1612-227,99 TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS (PROX. 2500002 MELL. XESTIÓN DA AUGA A. RURAL P. PONTEVEDRA) _COOPERACIÓN

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 7.34495.- aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado "Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do empoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga"; dentro do programa



de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño. (expte.2024050131).

O obxecto do proxecto é empoderar, apoiar e poñer en valor o traballo das Comunidades de Usuarios de Auga da provincia de Pontevedra, que son axentes esenciais para cumprir as metas do ODS 6, en especial no ámbito rural da provincia, facéndoo ademais desde o valor do comunitario. Para iso creárase unha oficina técnica de apoio á legalización, tecnificación e profesionalización das traídas de augas veciñais e das propias Comunidades e traballárase noutras 3 liñas de apoio: empoderamento e traballo en rede, implicación cidadá e posta en valor e recoñecemento.

O orzamento deste proxecto no ano 2025 ascende a un total dous centos setenta e sete mil oitocentos dez euros (277.810,00 euros), dos cales a financiación con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025 ascende a vinte e nove mil euros (29.000,00 euros), que se deberán imputar contra a aplicación 25/ 942-1612-227,99 "TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS" (PROX. 2500002 MELL. XESTIÓN DA AUGA A. RURAL P. PONTEVEDRA)_COOPERACIÓN.

Visto o artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito suficiente no orzamento da Corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación de crédito para complementar con 29.000,00 € a aplicación orzamentaria 25/ 942-1612-227,99 "TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS" (PROX. 2500002 MELL. XESTIÓN DA AUGA A. RURAL P. PONTEVEDRA)_COOPERACIÓN.

CONCLUSIÓN

Visto o interese que supoñen as devanditas actuacións, das que se beneficiarán os concellos destinatarios da provincia de Pontevedra así como as comunidades de augas veciñais, considérase que se cumpre a finalidade fundamental da Deputación respecto do aseguramento da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. En consecuencia, compre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario as aplicacións orzamentarias correspondentes para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942.4328.120,51	Soldo func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.500,00 €
942.4328.120,52	Trienios func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.120,53	Paga extra func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00 €
942.4328.121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00 €
942.4328.160,00	Seguridade Social, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	3.000,00 €
942.4328.227,06	Estudios e traballos técnicos, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.287,75 €
	Total Créditos Extraordinarios...	12.287,75 €

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-1612-227,99	Traballos realizados por outras empresas (Prox. 2500002 Mell. Xestión da auga a. rural P. Pontevedra)_COOPERACIÓN	29.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	29.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado da Área de Acción comunitaria, equipamentos públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica Areeiro, Javier Tourís Romero

INTERVENCIÓN



Expediente	2025074058
Asunto	Modificación de crédito 07/2025
Trámite	Substitución de Beneficiario na Subvención Nominativa Rías Baixas Sailing Week.

A Modificación de Crédito 04/2025 recolleu unha subvención nominativa coa finalidade de financiar o proxecto Rías Baixas Sailing Week, sendo o beneficiario orixinal desta subvención a Real Federación Galega de Vela (CIF G36644862).

Constátase que o Monte Real Club de Yates de Baiona (CIF G36623346) é a entidade que organiza e executa materialmente o proxecto deportivo. Por tal motivo, é necesario corrixir a designación orixinal para aliñar a titularidade da subvención coa entidade executora.

En virtude do previsto nos artigos 179 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como do artigo correspondente das Bases de Execución do Orzamento da Deputación, propónse a realización dunha variación subxectiva na titularidade da subvención. Este cambio non supón alteración do importe total do orzamento e asegura a correcta imputación e xestión dos fondos públicos, manténdose inalterados o importe, o obxecto e a finalidade da subvención.

PROPONSE:

Primeiro. Modificar o beneficiario da subvención nominativa destinada a financiar o proxecto Rías Baixas Sailing Week da aplicación 25/340.3410.489.02, substituíndo como beneficiario á Real Federación Galega de Vela (CIF G36644862) polo Monte Real Club de Yates de Baiona (CIF G36623346).

Aplicación	Importe (€)	Beneficiario	Finalidade
25/340.3410.489.02	50.000,00 €	Monte Real Club de Yates de Baiona (CIF G36623346)	Destinada a financiar o proxecto deportivo Rías Baixas Sailing Week

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 12 de setembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

10.8479.- **APROBACIÓN DO PROXECTO “A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE” CONCEDIDO POLO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2021-2027 (EXPTE. 2025006153)**

Visto o ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital do día 5 de setembro de 2025, en relación coa aprobación do proxecto “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage”, cuxo texto di como segue:

I. “ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 abriu a súa terceira convocatoria de proxectos o 25 de novembro de 2024 ata o 14 de febreiro de 2025, e os proxectos seleccionados serán cofinanciados e reembolsados ata un 75% polo FEDER.

A convocatoria ten como obxectivo seleccionar proxectos transnacionais, con socios participantes de España, Francia, Irlanda e Portugal, de alta calidade, nos que as organizacións relevantes traballen de forma conxunta para axudar ás rexións para afrontar desafíos comúns.

Esta convocatoria contaba cunha asignación de 43 millóns de euros para tres prioridades temáticas e sete obxectivos específicos incluídos no Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027.

Neste marco, a Deputación de Pontevedra aposta por afondar, mediante o desenvolvemento de novas accións, o turismo sostible e rexenerativo así como a cultura azul no Espazo Atlántico, para potenciar o papel da cultura e o turismo no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social. Por outro lado, decide facelo a través do traballo conxunto con outros socios de outros países para o intercambio de boas prácticas e a procura de sinerxias e complementariedades na abordaxe da cultura e turismo marítimo asociado ao océano atlántico. Sobre estes

fundamentos, a Deputación de Pontevedra lidera, en calidade de beneficiario principal e coordinador, o desenvolvemento de solicitude do proxecto “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage”.

Da cordo cos criterios de elixibilidade da convocatoria, as solicitudes de proxectos deben involucrar como mínimo a catro socios de cada un dos catro países e das rexións elixibles que conforman o programa. A este respecto, o proxecto conta con 9 socios que se relacionan a continuación:

- Deputación de Pontevedra.
- ASSOCIATION CORLAB PLUS - Radio Boa (Francia).
- Associacao VVG/ZGDV - Centro de Computação Gráfica (Portugal).
- Municipio de Viana do Castelo (Departamento de Planeamento Estratégico) (Portugal).
- Ville de Biarritz (Francia).
- Bretagne Culture Diversité/Sevenadutiou (Francia).
- Universidade de Vigo (España).
- ADCA - Agência para o Desenvolvimento da Cultura nos Açores (GP- Gestão de Projectos) (Portugal).
- European Regions Network for the Application of Communications Technology (N/A) ERNACT (Irlanda).

E con dous socios asociados:

- Turismo de Galicia.
- Arousa Moza.

Os socios asociados non reciben axuda FEDER.

- Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001134, de data 13/02/2025 aprobouse a presentación do proxecto denominado “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage” á terceira convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, financiado ao 75% polo FEDER.
- En data 08/07/2025 recíbese a comunicación (por email) de aprobación da solicitude de proxecto EAPA_0073/2024 – AWAVES aprobada polo Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 do 3 de xullo de 2025.
- O obxecto do proxecto e as actuacións a desenvolver no marco do mesmo cuxo detalle figura na memoria descritiva son as seguintes:

WP1. Mapeado do Patrimonio Atlántico: identificación do patrimonio tanto material como inmaterial que será recollido e sistematizado nunha plataforma dixital de carácter interactivo.

WP2. Experiencias sensoriais e de inmersión relativas ao mar: desenvolvemento de rutas sensoriais e intercambios de coñecemento coas persoas do mar para experimentar máis de preto a cultura e patrimonio atlántico.

WP3. Innovación navegable: dedicado a promover a transmisión do patrimonio cultural marítimo dende unha perspectiva interxeneracional a través da realización de escolas itinerantes, un podcast sobre a cultura marítima e un hackathon.

- O orzamento do proxecto A.W.A.V.E.S presenta un coste total elixible que ascende a 1.703.212€ e a súa desagregación por socio e custe subvencionable detállase na seguinte táboa:

PARTNER	COSTE TOTAL SUBVENCIONABLE	AXUDA FEDER	COFINANCIACIÓN
Diputación de Pontevedra	500.121,00	375.090,75	125.030,25
ASSOCIATION CORLAB PLUS – Radio Boa	66.000,00	49.500,00	16.500,00
Associação VVG/ZGDV – Centro de Computação Gráfica	122.091,00	91.568,25	30.522,75
Municipio de Viana do Castelo (Departamento de Planeamento Estratégico)	150.000,00	112.500,00	37.500,00
Ville de Biarritz (Destination Biarritz)	175.500,00	131.625,00	43.875,00
Bretagne Culture Diversité / Sevenadutloù (BCD)	249.500,00	187.125,00	62.375,00
Universiad de Vigo	40.000,00	30.000,00	10.000,00
ADCA – Agência para o Desenvolvimento da Cultura nos Açores (GP- Gestão de Projectos)	150.000,00	112.500,00	37.500,00
European Regions Network for the Application of Communications Technology (N/A) ERNACT	250.000,00	187.500,00	62.500,00
TOTAL	1.703.212,00	1.277.409,00	425.803,00

No que respecta ao coste total subvencionable correspondente á Deputación de Pontevedra ascende a 500.121€, sendo o importe total da Axuda FEDER (75%) concedida de 375.090,75€ e a cofinanciación (25%) por parte da Deputación de Pontevedra de 125.030,25 €. O desglose detallado por anualidades e tipoloxía de gasto figura a continuación:

	2025	2026	2027	2028	Total
Gastos de preparación	17.480,00	0,00	0,00	0,00	17.480,00
Gastos de persoal	6.670,00	40.000,00	40.000,00	13.350,00	100.020,00
Gastos de oficina e administrativos	1.000,50	6.000,00	6.000,00	2.002,50	15.003,00
Gastos de viaxe e aloxamento	1.000,50	6.000,00	6.000,00	2.002,50	15.003,00
Gastos por servizos e expertos	23.000,00	168.000,00	128.500,00	33.115,00	352.615,00
Gastos de Equipamento	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de Infraestruturas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	49.151,00	220.000,00	180.500,00	50.470,00	500.121,00

- Polo que respecta ao período de execución das actuacións contidas na memoria explicativa do proxecto, establécese entre o 03/11/2025 ata o 03/05/2028, cunha duración total de 30 meses.

I. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Terms of Reference Third Call for Proposals: Traditional projects (Bases da Terceira Convocatoria de Propostas: proxectos tradicionais).
- Manual do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) .
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Así mesmo, tratándose dun proxecto que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) N° 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de Cooperación Territorial Europea (Interreg).
- Regulamento (UE) N° 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos.
- Regulamento (UE) N° 2021/1058, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, que establece os obxectivos específicos que apoiará o FEDER.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De acordo co apartado 5 do Manual de Xestión do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, cando se cumpran todas as condicións para a aprobación, a Autoridade de Xestión (a CCDR-Norte) e o beneficiario principal, neste caso a Deputación de Pontevedra, asinarán o Contrato de Subvención. O contrato de subvención constitúe o marco xurídico para a execución do proxecto. Confirma o compromiso definitivo do FEDER co proxecto, establece as condicións da axuda e prevé as modalidades de execución.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

Resultando que consta no expediente o informe da Intervención de data 20 de agosto de 2025 no que se sinala que “[...] a autorización ou realización de gastos de carácter plurianuais queda subordinada ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos e, en consecuencia, estarase ao disposto na Base 16ª e ao cumprimento dos límites do artigo 174 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, respecto dos compromisos de gasto que vaian estenderse a exercicios posteriores aquel no que se autoricen. Neste caso, os límites do artigo 174 incúmprense.”

Polo tanto, tendo en conta a distribución inicial por anualidades do gasto, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumplan os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

De conformidade ós artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o asunto debe someterse a ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital antes da súa elevación ao Pleno provincial.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, o xefe do Servizo de Cooperación propón ó Pleno da Deputación de Pontevedra que se adopte o seguinte acordo:

- Aprobar o proxecto denominado “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage” da 3ª convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027.
- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER (sinatura do Contrato de Subvención e outros documentos), requiridos polo Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, para a aprobación e execución

do proxecto “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage”.

- Aprobar a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial.
- Aprobar a xeración de crédito polos importes de subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
- Facultar ó Presidente da Deputación de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para levar a bo fin as actuacións derivadas do presente acordo en relación co proxecto denominado “A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE”, sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ó Pleno para a súa ratificación.
- Notificar o presente acordo ás partes interesadas, no seu caso”.

En base ao anterior, o Pleno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o proxecto “A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE” concedido polo Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 17 de setembro de 2025.

O Secretario,

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

- 7.34495.- ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2030 PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGA”; DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACCÍONS PARA O IMPULSO DA AXENDA 2030 NAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DA ORDE DSA/632/2022, DO 23 DE XUÑO. (Expte.2024050131)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas da Directora Xeral de Axenda 2030, por delegación do Ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 con destino ao proxecto “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua” e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030 e publicada en data 15/11/2024 no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
- O Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 publicou o día 06 de xullo de 2022 (BOE núm. 161) a Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais. Posteriormente, o día 20 de xuño de 2024 publicouse o extracto da resolución do 17 de xuño de 2024 do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 149).
- En data 18/07/2024, mediante o informe-proposta da Xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1NWP57WREAXYK2H), infórmase á Presidencia sobre a presentación da solicitud de subvención do proxecto “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua” á citada convocatoria. Posteriormente, en data 22/07/2024 o proxecto citado preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030; asinándolle o número de rexistro REGAGE24e00055208852.



- Finalmente, en data 15/11/2024, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”, por importe de 248.810,00 euros sendo o total do orzamento do proxecto de 277.810,00 euros.
- O obxecto do proxecto é empoderar, apoiar e poñer en valor o traballo das Comunidades de Usuarios de Auga da provincia de Pontevedra, que son axentes esenciais para cumprir as metas do ODS 6, en especial no ámbito rural da provincia, facéndoo ademais desde o valor do comunitario. Para iso creárase unha oficina técnica de apoio á legalización, tecnificación e profesionalización das traídas de augas veciñais e das propias Comunidades e traballarase noutras 3 liñas de apoio: empoderamento e traballo en rede, implicación cidadá e posta en valor e recoñecemento.
- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto o seu custo total subvencionable cuantifícase en 248.810,00 € e a súa desagregación por tipoloxía de actuación detállase na seguinte táboa:

Concepto	Solicitado a DG A2030	Financiación propia	Custo total
A.- PERSOAL			
Gastos de persoal	127.155 €	17.000 €	144.155 €
Total PERSOAL	127.155 €	17.000 €	144.155 €
B.- ACTIVIDADES			
B.1- Subministros e servizos xerais	0 €	9.000 €	9.000 €
B.2- Aluguer de bens inmobles	0 €	0 €	0 €
B.3- Dietas e gastos de viaxes	0 €	3.000 €	3.000 €
B.4- Material inventariable / bibliográfico	0 €	0 €	0 €
B.5- Material funxible	0 €	0 €	0 €
B.6- Gastos de asesoría			
B.6.1- Informe do auditor	0 €	0 €	0 €
B.7- Outros gastos			
B.7.1- Subcontratación	68.970 €	0 €	68.970 €
B.7.2- Publicidade e difusión	27.275 €	0 €	27.275 €
B.7.3- Prestación de servizos profesionais	0 €	0 €	0 €
B.7.4- Outros que no poidan ser identificados en outras partidas do concepto b) Actividades	0 €	0 €	0 €
Total ACTIVIDADES	96.245 €	12.000 €	108.245 €
TOTAL ORZAMENTO	248.810 €	29.000 €	277.810



- En canto ao cadro financeiro do proxecto é o que se desagrega a continuación:

<i>Custo total</i>	<i>Axuda concedida</i>	<i>Cofinanciamento da Deputación</i>
277.810,00 €	248.810,00 €	29.000,00 €

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 12 meses, a contar á concesión da axuda, polo que se prolongará ata o 17 novembro de 2025.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 161) e Resolución do 17 de xuño de 2024 do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) .
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos.



- No artigo 9.6 da Orde DSA/632/2022, indícase que as subvencións concedidas faranse públicas, nos termos previstos no artigo 18.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A publicación na BDNS farase tendo en conta o previsto no artigo 20.8 b) da mesma lei e para os efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- No artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recóllese que a publicación dos actos realizarase no diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto para notificar.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno.

III. CONCLUSIONES

A Deputación de Pontevedra solicitou unha axuda con cargo ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño.



En data 15/11/2024, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrência competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”, por importe de 248.810,00 euros sendo o total do orzamento os 277.810,00 euros.

Neste sentido, de conformidade co previsto no artigo 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos. Ademais, no artigo 10.4 da Orde DSA/632/2022, establécese que as subvencións a que se refire esta orde concederanse en réxime de pagos anticipados, co límite que, no seu caso, puidese establecer cada convocatoria.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, e tendo en conta as datas nas que estamos para o inicio do devandito proxecto é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito no ano 2025 polo importe de 248.810,00 euros correspondente ás subvencións concedidas mediante a resolución de concesión de axuda de 15 de novembro de 2024.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 29.000,00 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, iníciense os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda ao proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/11/2024 (CSV: TV0GHWT18UPOGH6P), e da Intervención Provincial de data 02/12/2024 (CSV: V77MRNFU73WK740K), a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 ao proxecto denominado “*Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua*” para a súa execución, mediante resolución favorable da Dirección Xeral de Axenda 2030 con data 15/11/2024 publicada no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, sendo o total do investimento elixible admitido de 248.810,00€
- Aprobar o gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución no 2025 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030	248.810 €
Aportación Deputación (fondos propios)	29.000 €
Total	277.810 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 29.000 € na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxecto de gasto cun código de proxecto de gastos específico coa denominación: “250000X - MELLORA DA XESTIÓN DO AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, permitindo un seguimento contable diferenciado durante a vida do proxecto e unha pista de auditoría individualizada.



- Cumprir coa normativa de aplicación, contida no Fundamento de Dereito Segundo da Resolución de concesión da Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2024 e ás instrucións que, en uso das súas facultades de control, seguimento e avaliación, poidan establecerse pola Dirección Xeral de Políticas Puncas para o Cumprimento da Axenda 2030.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

